

INTERVENCIÓN DE MANUEL BALTAR NO PARLAMENTO DE GALICIA

COMISIÓN DE ECONOMÍA – 31 DE OUTUBRO 2019

Moitas grazas Sra. Presidenta, membros da Mesa, deputadas e deputados da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia. Boa tarde. Boa tarde a xornalistas e persoal desta Cámara e a todos aqueles que nos seguen a través da web da Institución.

Prácame comparecer un ano máis neste Parlamento, dentro do leal comportamento institucional e a colaboración coa Cámara Galega que exercín e exercerei sempre.

Na miña anterior comparecencia dixen: Vémonos entón nesta comisión terceira o ano 2019 cando veña a falarlles dos orzamentos da Deputación de Ourense para o ano 2020 que aprobará a Corporación o venres 27 de setembro de 2019. Dito e cumprido.

Tal e como dixen veño cos orzamentos da Deputación de Ourense para 2020 aprobados. De novo a primeira administración pública de España, e somos máis de oito mil cen, en aprobar o documento máis importante. Nin concello, nin goberno provincial ou autonómico, por suposto nin o Estado.

Estamos ante un deber legal, o que determina o artigo 53 bis “comparecencia dos titulares da presidencia das deputacións provinciais ante a comisión parlamentaria” do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Comparezo no marco do calendario aprobado en relación co proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020. Honrado de asistir en calidade de comparecente a esta comisión terceira, da que formei parte durante dez anos correspondentes ás lexislaturas VI, VII e VIII.

No escrito recibido pídeseme que veña a “explicar as liñas xerais do orzamento da Deputación provincial que presido para o exercicio de 2020”.

Tomo a palabra para ir máis aló, non para falar de liñas xerais ou declaracións de intencións. Tomo a palabra para falar dos orzamentos aprobados o venres 27 do pasado mes de setembro. Cumprindo así unha das medidas previstas no Plan de Mandato “Ourense 72/73” (son 7.273 quilómetros cadrados a extensión da nosa provincia), onde novamente a planificación, a previsibilidade e a seguridade xurídica constitúen piares fundamentais da acción do goberno provincial que presido.

Vémonos entón nesta comisión terceira, agás que a realidade electoral da nosa nacionalidade histórica o impida, o ano 2020 cando veña a falarlles dos orzamentos da Deputación de Ourense para o ano 2021 que aprobará a Corporación o venres 25 de setembro de 2020. Unha aprobación que figura con tal data no “Plan de mandato Ourense 72/73” xa referenciado. Un conxunto de 124 medidas innovadoras que conformaban o programa electoral provincial compartido coa veciñanza antes das eleccións locais,

indicando hora, día, mes e ano de execución. Trátase de contar cun proxecto de provincia, ou se ten ou non se ten.

A cantidade final dos orzamentos da Deputación de Ourense para 2020 ascende a 85.700.000 euros, a máis alta dos últimos oito exercicios orzamentarios, tres millóns de euros máis que o orzamento de 2019. Subliño como principais novidades as seguintes:

- 1- Tecnicamente estamos nunha situación de DÉBEDA CERO, conseguindo así un dos grandes retos de xestión sen desatender os compromisos derivados da nosa Carta de Servizos, destinada a concellos, entidades representativas e veciñanza provincial.
- 2- Segue a potenciarse a aposta polo EMPREGO, coa contía destinada ao Plan de empregabilidade dos concellos (20000 euros para todos eles), dotado con 1.830.000 euros; tamén o PLAN DE OBRAS por importe para todos eles de 51.000 euros, redacción de proxecto incluída. Falamos dun plan de obras, incluída a cantidade inicial destinada á conservación e mellora da rede viaria provincial, de 6.200.000 euros. Todos os plans estarán plenamente operativos o 1 de xaneiro. Dende o inicio do exercicio presupostario os concellos terán a disposición o plan de obras, o plan de desbroces, o plan de empregabilidade, o plan de axudas para actividades relacionadas coa mocidade (neste caso 549.000 euros en total). Todos o mesmo, aló menos 82.000 euros anuais.
- 3- A Deputación volve a financiar integramente o Plan de Obras, que inclúe tamén ao concello de Ourense e á entidade local menor de Berán.
- 4- A rede viaria provincial, máis de 1850 quilómetros de estradas, conta nos orzamentos cun investimento de 1.300.000 euros (cantidade que aumentará como consecuencia do remanente de tesourería que esperamos ao remate do exercicio, o máis alto da Historia da institución).
- 5- Dótase ao Consorcio Provincial de Incendios, posto en marcha durante o mandato anterior, dun orzamento de 1.419.750 euros.
- 6- A Deputación aporta a parte de financiamento que lle corresponde e tamén a dos concellos nos Grupos de Emerxencia Supramunicipais. Resulta un total de 900.666 euros. Por certo que contemplamos no futuro próximo dotar máis grupos noutras partes da provincia e homoxeneizar o número de integrantes dos mesmos.
- 7- O compromiso medioambiental do goberno provincial reflíctese na contía orzamentaria destinada a esa área estratéxica da nosa estrutura orgánica. Un total de 14.350.000 euros (o 18 % do orzamento).
- 8- Os servizos sociais seguen a ser unha aposta clara co Plan BenOurense, incrementando a aportación económica ata 1.200.000 euros. Mantéñense as axudas á natalidade por importe de 400.000 euros.
- 9- Seguimos contando co INORDE como ferramenta áxil no desenvolvemento local, turístico e económico. O seu orzamento ascende a 1.780.000 euros.
- 10- Continúan formando parte da nosa estratexia política o Plan Estratéxico de Termalismo (510.000 euros), o Plan para gastos correntes de concellos con insuficiencia financeira ou orzamentaria, a liña de axudas en materia deportiva (400.000 euros) e o Plan Tarazona de

actividades recreativas e culturais de 200.000 euros. Asemade mantense o programa ESQUIOU e as axudas públicas para fomento do deporte con 400.000 euros.

- 11- Os orzamentos reflicten de novo o noso compromiso co coñecemento a través dos convenios coa Universidade. Tanto co Campus de Ourense, coa súa especialización como “campus da auga”, da Universidade de Vigo, ao que destinamos unha cantidade mínima de 220.000 euros como coa UNED, cuxo padroado presido e para a que aportaremos en 2020 un mínimo de 430.995 euros. Por certo que coa Universidade de Vigo poremos en marcha no territorio o “Observatorio do Rural”, un dos proxectos innovadores que forman parte do “Plan Ourense 7273”. A súas liñas estratéxicas, a súa folla de ruta, ven de ser fixada hoxe nas conclusións do Congreso Internacional sobre o Medio Rural que vimos de clausurar en Santo Estevo de Ribas de Sil, nesa Ribeira Sacra que conseguimos sexa a candidatura de España para ser declarada Patrimonio Mundial pola UNESCO. Unha andaina que nos fai sentir especialmente satisfeitos, tendo en conta que a Deputación de Ourense foi quen de reactivar este tema nunha xuntanza cos concellos da provincia que mantivemos en setembro de 2013. Mantéñense tamén para 2020 convenios con grupos de investigación das Universidades vencellados ao estudo da realidade provincial como o Gen+ ou mesmo o Grupo Colmeiro. Digo mínimo porque estas contías incrementaranse logo de acreditar o remanente de tesourería récord que novamente esperamos certificar en 2020, cuestión que sucede tódolos anos, proba evidente do bo traballo que sempre recoñecerei do persoal da Deputación, interpretando perfectamente as directrices políticas emanadas dos plans de mandato onde a palabra XESTIÓN figura con letras maiúsculas.
- 12- Mantense a liña de axuda aos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas do territorio provincial, catro das cinco existentes en Galicia.
- 13- Consólidanse novamente alianzas e colaboracións coas entidades empresariais máis representativas a nivel provincial e autonómico como a Confederación Empresarial de Ourense ou o Círculo de Empresarios de Galicia. Neste sentido destacar o Plan Exportou coa CEO, unha real aposta directa polo apoio á internacionalización das nosas empresas, co protagonismo de seu das misións empresariais. Tamén as ferramentas postas en marcha coa Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas, a área industrial máis grande de Galicia, que fixa datos e marca tendencias. Tamén podemos falar da alianza coa Asociación Provincial de Construtores para poñer en marcha ferramentas como “XEOESTRADA”, innovadora no Estado, que presentaremos en breve e que será accesible a través da web da Deputación, cunha completa análise de todas as infraestruturas viarias do territorio provincial. Ferramentas que teñen a súa orixe no Observatorio Económico Ourensán, de actualización diaria, con datos provinciais, comarcais e mesmo a nivel de concello, que inclúe tamén estudos específicos e marca tendencias socio-económicas e laborais. Como sempre reitero estamos ante unha axuda imprescindible para a adopción das mellores políticas públicas.
- 14- Falar de Deputación de Ourense é falar de apoio á CULTURA como factor diferencial. Como tódolos anos lembrarei cuestións propias como a Real Banda de Gaitas, a Escola de Artes e Oficios, o Teatro Principal, o Centro Cultural Marcos Valcárcel, o Centro de Cultura Popular

“Xaquín Lourenzo”, as nosas propias Publicacións...eventos como a ICC Week , as Xornadas de Folclore ou dende 2019 o Festival Internacional de Cine de Ourense...galardóns de xornalismo como o Premio Carracedo, de literatura infantil e xuvenil como o Premio Pura e Dora Vázquez, de novela longa en galego como o Premio Eduardo Blanco Amor, de xestión cultural en Galicia como o Premio Rodolfo Prada Chamochín, o Premio Ourensanía que este ano distingue ao xornalista Alfonso Sobrado Palomares. Por suposto a colaboración decisiva con entidades culturais de referencia na provincia: Fundación Otero Pedrayo, Fundación Curros Enríquez, Liceo de Ourense, a xa centenaria Coral de Ruada , Fundación Blanco Amor, Fundación Prieto Nespereira, Fundación Carlos Casares, a Insua dos Poetas. Como tódolos anos a Real Academia Galega e en 2020 tamén o Consello da Cultura Galega.

15- Son os orzamentos da transparencia e do goberno aberto. De novo o acreditan todos os rankings existentes. O goberno provincial máis transparente de Galicia é a Deputación de Ourense. Tanto para Transparencia Internacional como para DYNTRA, o medidor actualizado que rexistra nada menos que 185 indicadores . Ou se teñen ou non. O goberno provincial de Ourense é o máis transparente do Estado, líder dos 52 gobernos provinciais existentes en España, contabilizando deputacións provinciais, deputacións forais, cabildos insulares e consellos insulares (Lugo 23, Pontevedra 28, A Coruña 50).

16- Son os orzamentos do traballo en rede e dos proxectos financiados con fondos comunitarios. Como o proxecto Red.Es, pois a provincia de Ourense é destino turístico intelixente e conta en 2020 cun orzamento de 597.804 euros. Os orzamentos do Proxecto Emprendou, unhas axudas ao emprendemento, un dos catro gobernos provinciais de España en conseguilo – o único de Galicia- para axudar directamente a 251 xoves de entre 16 a 31 anos para poñer en marcha o seu proxecto empresarial no seu lugar de residencia. Unha acción política enmarcada no reto demográfico, unha cuestión instalada con forza na axenda política.

17- Os orzamentos que inclúen as aportacións necesarias en 2020 para facer realidade en Ourense, en colaboración coa Xunta de Galicia, o “Centro Galego de Innovación na Formación Profesional” que por certo levará o nome de Eduardo Barreiros, de quen o pasado 24 de outubro celebramos o centenario do seu nacemento en Gundiás (Nogueira de Ramuín). Os orzamentos do edificio “Provincia intelixente” da man de Fundación ABANCA, a que será unha das maiores concentracións de alto emprego tecnolóxico en Galicia, xa utilizado neste intre por IBM.

Son, señorías, os orzamentos do territorio. Da porta de entrada en Galicia da alta velocidade ferroviaria cando esteamos a pouco máis de dúas horas da capital do Estado. Un “aeroporto terrestre”, a pouco máis de cen quilómetros para achegarse a Santiago pola Vía da Prata, por exemplo, para facerse coa “Compostelana”, un camiño que transcorre por 28 concellos de Ourense.

Son os orzamentos da provincia termal, a provincia do maior e mellor románico, a provincia do sector agroalimentario, a provincia da lousa e do deseño textil... En definitiva a provincia do I+D+i cunha punta de lanza como o Parque Tecnolóxico de Galicia.

Son os orzamentos da entidade cooperadora por excelencia. Dicimos sempre que os concellos son a administración máis próxima á veciñanza. A Deputación é a administración máis próxima aos concellos. Colaboración cos concellos, coas mancomunidades –contemplando de novo nestes orzamentos unha axuda directa para gastos de funcionamento- pero tamén coas entidades, asociacións, colectivos, que están a realizar importantes actividades para a nosa provincia en tódolos eidos. É dicir, facendo Ourense, facendo provincia.

Estes orzamentos son máis ca números. Teñen cabeza e corazón. Responden a un proxecto político, defenden unha visión integral do territorio, dende a planificación e a participación veciñal.

Os orzamentos da expansión da Deputación en aspectos como un novo edificio administrativo na sede actual de CORREOS na cidade. Os orzamentos da interrelación con outros gobernos provinciais de Europa a través da súa organización, Partenalia, que me honro en presidir. Os orzamentos dunha institución que presido a European Historic Thermal Towns Association, unha entidade que agrupa a 51 sitios termais de dezasete nacións e que ven de celebrar en Spa (Bélxica) a súa Asemblea Xeral.

Reivindicando tamén como vicepresidente da Confederación Europea de Poderes Locais Intermedios (representando a 1167 gobernos provinciais de Europa) a Alianza pola Cohesión. Para manter os fondos comunitarios para o próximo marco financeiro plurianual, e non recortar a Política de Cohesión. Trátase tamén de non baixar o 5 % da Política Agraria Común con respecto ao anterior período 2014-2020, tampouco o 4 % das axudas directas a agricultores nin unha rebaixa de 10 puntos na aportación ao FEADER comunitario. Velá a importancia do acordo acadado para que as provincias – os gobernos provinciais- sexan (sexamos) non só destinatarios directos senón tamén xestores de fondos comunitarios. Unha situación que sen dúbida vai na liña do reto demográfico tendo en conta a proximidade non só á veciñanza mais tamén ao territorio.

Conseguimos protagonismo na xestión dos fondos comunitarios, un crecemento sostible e equitativo no urbano e no rural, e programas de investimento rexional onde os Poderes Locais Intermedios sexan actores relevantes, como dixeran, na súa xestión e implementación.

Seguimos falando do denominado “enfoque diferenciado” dentro dunha visión integral. Isto é así porque existen grandes diferenzas entre nacións, máis tamén entre rexións dunha mesma nación, por suposto entre provincias dunha mesma rexión e obviamente entre zonas ou áreas dunha mesma provincia.

Aproveito tamén para, unha vez máis, facer a mesma reivindicación, unha das constantes da Xunta de Goberno da FEMP da que volvo a formar parte neste novo mandato, logo da elección realizada no XII Pleno celebrado en Madrid o pasado 23 de setembro. No marco da reforma da financiación local e autonómica, señorías, quero deixar unha vez máis constancia da necesidade de facer efectiva a previsión legal- nin máis nin menos que o artigo 142 da

Constitución- de participación das Deputacións nos tributos da Comunidade Autónoma. Este é o lugar de plantexalo e vostedes poden facelo.

Remato esta primeira intervención agradecendo a súa atención. Moitas grazas.

Dixen.